



NORMAS DE USO PISTA PÁDEL.

Calquera usuario poderá utilizar a Pista de Pádel Municipal, aínda que os menores deberán estar acompañados sempre por un maior de idade que se farán responsables dos mesmos.

A utilización das pista supón a aceptación destas normas, cuxo incumprimento poderá supoñer para o usuario a expulsión das instalacións, o veto ao acceso da mesma, así como a oportuna sanción e reclamación de danos ocasionados.

Todos os usuarios da instalación deberán adoptar as adecuadas medidas de hixiene pertinentes, así como o coidado e bo uso das instalacións.

Quedarán prohibida a utilización da pista para impartir clases particulares ou competicións, sen previa autorización do Concello.

Queda totalmente prohibida a inxesta de comida e bebidas alcohólicas, fumar, introducir botellas de vidro e o uso de zapatillas con tacos dentro do recinto da pista.

Para a utilización da pista de Pádel deberase ir provisto de equipamento e calzado deportivo adecuado. Tanto de raquetas como as pelotas utilizadas, deberán ser as do deporte do Pádel.

O cambio de campo dos xogadores deberá realizarse polas portas da pista, en ningún caso saltando a rede.

Non está permitida a subida ou baixada (manipulación) da rede por parte dos usuarios, en caso de ser necesario, poñerano en coñecemento do Concello de Cortegada no teléfono de contacto indicado abaixo.

Xogaranse preferentemente "PARTIDOS" dobres (4 xogadores), ao obxecto de facilitar a maior participación de todos. Admitiranse partidos individuais a condición de ofrecer aos que se atopen esperando, a posibilidade de xogar a dobres e estes prefiran continuar esperando.

A prioridade para o uso da pista é a Quenda de Espera, coa condición de que os xogadores que non xogaron nese día teñen preferencia sobre os que xa si o fixeron. Un mesmo usuario ou xogador non poderá usar a pista durante dous xogos consecutivos, agás se non houbese máis xogadores esperando.

Unha vez concluído o xogo, os usuarios deberán abandonar as pistas e recoller todas as súas pertenzas, pechando as portas de acceso. Os seguintes xogadores deberán ter aboado o importe correspondente antes de entrar nas instalacións.

Non se permite a entrada de animais.

As reservas realizáense nas oficinas do Concello de Cortegada de luns a venres en horario de 10:00 a 14:00 horas. **Polas tardes** e fins de semana no número de teléfono 680 219 930, encargándose o mesmo da cobranza da taxa e da apertura e peche das instalacións.

Tarifas: O prezo da pista é de **12 € por hora e media**.

Queda reservado o dereito de admisión.

Horarios: 17:00 a 22:00 horas de luns a venres, sábados e domingos de 10:00 a 22:00 horas.

Habilítase o teléfono de **contacto 680 219 930** para calquera consulta, reclamación, suxestión ou incidencia.

O Concello de Cortegada declina toda responsabilidade das lesións que se puidesen orixinar derivadas da práctica deportiva.

O Concello de Cortegada, previo aviso con tempo suficiente, resérvase o uso da pista para a organización de actividades, eventos deportivos e mantemento do mesmo.

Para máis información pódese consultar a páxina web: www.cortegada.es